




Eu tamén son diferente ... e que?

Contos para a tolerancia

Alumn@s do Ceip Saco e Arce de Toén



Ola! lectoras e lectores, pequenos e grandes, marcianos e humanos.... Vouvos contar unha pequena historia, ou mellor, un feixe de cativas historias que naceron ó carón dun río que chaman Miño, o río que uniu culturas, río da diversidade e a tolerancia, nunha escola de nenos e nenas onde o mundo se chama Toén.

Pero, primeiro, deixade que me presente. Eu chámome, chámome... ejem! Eso é mellor que o deixemos para o final porque realmente o fin destas historias foi buscar o meu nome ... así que, en vez de presentarme, vouvos contar a miña historia...

“Nacín nunha pequena aldea do que chaman o terceiro mundo, pero que ben pode ser o cuarto ou o quinto, porque case ninguén se acorda de nos. A pobreza que dominaba o noso pobo fixo que o primeiro nome que coñecésemos fose o da fame. Así que, nun principio chamáronme Nena Fame.

Eu gustaba moito de escoitar o vento naquel meu deserto. Eran ventos doces, agarimosos, cantareiros.... entre os que un día se colou un vento triste, un engana-nenos. Era o vento da mentira. Díxome:

- *Nena Fame, detrás do outeiro hai un nome fermoso para ti.*

Camiñei e camiñei pero so achei frío, así que o meu segundo nome foi Nena Frío. Pero o frío era malo, terrible... E eu nin sequera tiña unha manta para soportalo... cando de novo se me presentou o vento. Chamoume, cameloume para que camiñara ata detrás dunha palmeira onde atoparía un novo nome. Mais atopei un terrible: a guerra estalara naquela rexión. Así que o meu terceiro nome foi... Nena Guerra.

Malo, malo, malo,; o peor dos nomes era ese!.

Pedinlle por favor ao vento mentireiro que me dera outro nome. Díxome agora que o atoparía detrás dunha duna, na praia. Pero so atopei sede, nada que beber, nin unha pinguiña de auga...así que o meu cuarto nome foi Nena Sede.

Unha vez máis caín nas redes do vento mentireiro que me dixo agora que se me subía a un barquiño de madeira que se chamaba patera, atoparía no continente mil e un nomes.

Mais o malvado enganoume de novo. Enfureceu o tempo e a miña barquiña estalou no mar. Cheguei cos olliños pechados a unha praia. Os que me atoparon chamáronme Inmigrante nº 3.

Pero eu non quería ser un número. Eu quería ter un nome. Así que busquei unha maga que trocase o vento mentireiro. Achei unha, diminuta, sen pucho nin variña, pero tan eficiente que cun par de palabras máxicas converteu o vento da mentira en vento da liberdade. De seguida subinme a cabalo del ata chegar a ese lugar onde o mundo se chama Toén.”

Alí, deitadiña na porta da súa escola soñaba eu con que os seus nenos me deran un nome. Pero tiña medo, moito medo. Pensaba: ¿rexearíanme? ¿farán burla de min pola miña pel escura, polo meu xeito de falar, polo meu vestido, polas miñas crezas relixiosas ou pola miña cultura diferente? Así que me agochei dentro dunha caixiña vella de cartón.

De seguida, aquela mañá foron entrando as nenas e os nenos. Eu

pedíalles a todos un nome diferente. Conteilles a miña historia e puxéronse un pouco tristesiros, pero prometéronme buscar un nome. Para iso sabían que terían que crear un conto diferente, tolerante, para que axente aprendese a convivir.

Cos seus profesores e profesoras puxéronse a traballar. Como non sabían moitos contos tolerantes e como son coñecedores de que ós contos gústanlles as árbores, colleron un pouco de cartón vello, debuxaron, colorearon e recortaron a forma dunha árbore e dentro dela fixeron un gran buraco que coseron con fíos de cores como a tea dunha araña para atrapar os contos... como os indios canadianos constrúen os atrapasoños para que os seus fillos non teñan pesadelos.



A verdade é que construíron moitos. Pendurábanos dun fío e os contos ían pouco a pouco caendo atrapados.

Agora vouvos contar algúns deses contos dos nenos de Toén. Contos para a tolerancia, para que convivamos todas as culturas... *CONTOS SOLIDARIOS*.

Un Colexio solidario

Érase unha vez un pobo de Venezuela moi pobre, no que vivían moitos nenos e nenas nunhas casas de madeira e chapa.


No inverno chovera moito, os ríos levaban moita auga e as súas casas marcharon río abaixo. Moitos nenos quedáronse sen o pouco que tiñan.

Nun pobo de Galicia, preto de Ourense uns nenos escoitaran as tristes noticias, ó día seguinte no colexio reuníronse para decidir como axudarlles. Cada rapaz acollería a un destes nenos na súa casa, ata que lles arranxasen as súas casas .

Cando chegaron os rapaces quedaron uns tres meses enteiros.

Aprendemos moitas cousas xuntos, pero sobre todo a convivir. As cousas no seu país melloraron moito e chegou o momento de marchar.

Todos xuntos acordamos que no verán viaxariamos nós a velos e a nosa amizade duraría para sempre.



(Carolina Álvarez. 8 anos)

INDECISA

Indecisa non era unha nena tan indecisa, simplemente tiña vergonza, e un medo terrible a caer mal. Por iso non respondía ao que lle dicían. Quería ter amigos pero non tiña nin un.

Ate un bo día no que unha nena chamada Amizade, se achegou a ela

e entre elas naceu unha grande unión facéndose grandes amigas.

Todos os nenos ao velas sentían ganas de xogar, compartir, convivir, e disfrutar dos instantes nos que estaban xuntas.

(Marta Alén, 9 anos)

UNHA NOVA VIDA

Só estaban ela e súa nai. A súa vida era moi triste, todos os seus familiares morreran, non podía esquecer ao seu pai e a súa nai tampouco podía ... Todo lles resultaba moi complicado: non tiñan casa, nin con que alimentarse e por riba non coñecían a ninguén. Estaban soas... Seu pai fora quen decidira virse para España dende Perú.

¡Todo parecía tan bonito visto desde alí!; a súa sorte ía mellorar!. Pero a morte de seu pai non axudara nada. Tiñan que buscar a súa familia galega, pero por onde empezar?. Súa nai ía de lugar en lugar preguntando, buscando traballo e a nena ía con ela sempre, agachada detrás esperando ter mais sorte a próxima vez.

No mes de novembro ocorreu algo, que non esqueceréi, era o día 28, miña nai parecía mais nova, estaba sorrinte. Rapidamente me din conta de que non estabamos soas. Viña de atopar ás súas curmáns que levaban tempo buscándonos. O reencontro foi moi alegre. Elas vivían nunha aldea preto de alí e tiñan un pequeno negocio no que a miña nai podía traballar.;As nosas vidas só podían mellorar!.

Empecei a ir a miña nova escola preto da aldea, fixen moitos amigos, recibíronme moi ben. Levo aprendido moitas cousas, gústame este lugar a pesar do frío. Non esquecín ao meu pai nin a miña familia peruana, pero volvo a ser feliz.

(Jessica Itati Arce. 8 anos)

TODO MEDRA

Este era un colexio no medio do monte, nun bosque cheíño de lobos, coellos e de xabaráis onde nos días de escola se oían ademais do canto dos paxaros os berros dos nenos e das nenas xogando.

Neste colexio plantaban todo tipo de árbores: carballos, castiñeiros, sobreiras e ata unha laranxeira. Cada neno tiña unha ao seu coidado. Ninguén se esquecía nunca de regala, coidala e vela medrar.

Tres amigas que sempre andaban xuntas argallaron a que sería a mellor experiencia que realizarían, da que nunca se esquecerían.

Xuntáronse cos compañeiros do colexio e decidiron plantar palabras e desexos fermosos, fixeron grupos e foron saíndo palabras que foron sementando na patio de abaixo:

AMOR

CONFIANZA

RESPECTO

PAZ

CORAZÓN

TOLERANCIA

SOLIDARIEDADE ...

O resultado foi moi esperanzador, porque aos poucos días as sementiñas empezaban a agromar na terra, e pouco a pouco as plantas ían medrando co mimo e o agarimo das tres rapazas e a colaboración desinteresada dos compañeiros.

(Jennifer López. 9 anos)

O diario de Hamet

28 de Novembro

Son Hamet, teño doce anos e son negro. Nacín nunha aldea de Burkina na África Subsahariana. Alí non hai nada: non hai auga, non hai alimentos, non hai progreso, está todo estancado no pasado, sen luz eléctrica, estradas coches ... Alí só hai fame, medo e pobreza. Guerra e enfermidade.

Miña nai mais eu decidimos irnos cara Europa.

- Oh! París, Santiago de Compostela, Bruxelas, Londres ... (Soña mamá)

16 de Decembro

Miña nai mais eu collemos un autobús (1300 Km ata Adrar)

Imos como mínimo 20 persoas.

Unha roda pincha, temos que proseguir a viaxe andando.

Moitos morren de sede, de fame e de frío (pola noite fai moito).

27 de Decembro

Por fin chegamos!

Estamos a busca de alguén, que nos poida pasar.

10 de Marzo:

Encontramos a unha persoa, pero hai un problema, non temos diñeiro para os ous. Miña nai queda. A despedida fíreme profundamente o corazón. Pagará a pena?

16 de Marzo:

Na barca vai frío e o temporal é moi forte. Imos 27 persoas na patera, aínda que estamos moi apertados e xuntos, ninguén fala.

17 de Marzo:

Cheguei, non teño cartos, teño fame ... estou só...

(Noel Álvarez. 11 anos)

PAZ E A MONTAÑA NEGRA

Érase unha nena chamada Paz, que vivía moi triste nun país en guerra. Un día atopouse co vento e preguntoulle:

- Paz, queres que se terminen as guerras?
- Claro que si - respondeulle ela.

O vento mandoulle subir a Montaña Negra, pero non lle explicou o que debía facer ao chegar alí. Aínda así ela, mortiña de frío e de fame, decidiuse a subir. O camiño levoulle moitos días. Polo camiño ía atopando xente coma ela cansa e famenta, que se unían a ela na súa esperanza de mellorar a situación.

Cando chegaron a montaña desfalecidos, quedaron todos coa boca aberta sen saber que dicir. De súpeto, tiñan ganas de botar a correr, de rir, de abrazarse... Ao outro lado da montaña había un lugar fermoso, cheo de árbores, ríos, animais e familias enteiras que non sufrían, que non coñecían a guerra.

Paz foi a primeira en emprender a marcha hacia aquel lugar cos seus compañeiros de viaxe, que despois de tanto tempo, xa eran a súa familia. Unha nova vida lles agardaba.

(Andrea Álvarez. 8 anos)




Carta aos Reis

MELCHOR, GASPAR E BALTASAR,
REIS MAGOS DE ORIENTE

Queridos Reis Magos:

Este ano porteime moi ben, (neste punto a miña nai e eu non estamos de acordo), Por iso quero pedirvos un desexo moi, pero que moi importante:

Nestes días entereime no colexio de que no mundo hai nenos e nenas que non teñen de nada, que por non ter non teñen nin nome. Eu quero axudarlles a que cambie a súa situación ... veredes, desexo que carguedes os vosos camelos con sacos de nomes para eles.



E xa postos a pedir: comida suficiente, para que non pasen fame, roupa de abrigo para que non pasen frío, medicamentos para que se curen cando estean enfermos, escolas e mestres para que aprendan tanto coma min e unha familia que os protexa e os queira.

Un bico e unha aperta de

Carola

(Carola Álvarez. 8 anos)

Un esquío diferente

Chámome Efrén e, para os que non me coñecedes, direivos que son un esquío. Son un esquío especial e diferente dos demais, porque o que máis me gusta é estar entre os nen@s. Vouvos contar como descubrín esta afición.

“Eu vivía no bosque cos meus compañeiros e compañeiras e comía o que comen tódolos esquíos : belotas, abelás, piñóns... As veces ata faciamos competicións e eu era o campión limpando piñas: ¡en menos de dous minutos podía deixar unha piña totalmente limpa!...Pero..sigamos coa historia...Un día houbo un incendio no meu bosque e tivemos que fuxir. Cando voltamos, vimos que non quedara nada, nin árbores, nin setas, nin brotes...¡ As miñas reservas para o inverno tamén desapareceran co lume!. Esperemos que as que deixei enterradas debaixo do piñeiro broten e dentro dun tempo medre unha nogueira, ou un carballo ou... varios, porque ¡tiña gardada unha pila de froitas....!

Bueno, como vos ía dicindo, tiven que fuxir e buscar comida e... despois de moito buscar, atopei unhas nogueiras cheíñas de noces grandes coma puños. O malo era que estaban moi cerca dunha casa moi grande e cunha verxa todo o redor. Púxenme a comer e... debín de quedar durmido porque... pola mañá espertei co ruído de voces: eran unha chea de nenos e nenas que corrían e xogaban. Chegaran en autobús e máis tarde chegaron outros autobuses con máis nen@s ¿Que farían alí?... Ata que me din conta...

Todos levaban mochilas aquel sitio era...¡un colexio!

Quedei agochado entre as polas da nogueira para ver que facían. A media mañá saíron outra vez e vin como uns _os máis pequerrechos_ xogaban coas pas e os caldeiros, outros xogaban ó balón e ó pilla e

outros ó baloncesto e ó fútbol. ¡Que diver!

A partir dese día quedei a vivir na nogueira ¡Era como ter cine na casa! Os nen@s non me vían pero eu pasábao “chupi-guai”. ¡Ás veces ata xogaba con eles!

Ata que chegou o outono e a nogueira empezou a quedarse sen follas. ¡Facía un frío! Cando xa tiña as maletas preparadas para irme, os nenos e os “profes” elixíronme como mascota do colexio para que os axudara a descubrir ós que non respectan o Medio ambiente e non respectan ás persoas diferentes, e dende aquela son os meus amig@s.



¡Ata puxeron unha foto miña na entrada! E estoulles axudando a facer a páxina Web...

Invítovos a vir á miña nova casa: o Cole de Toén para que coñezades ós meus amig@s.

Os problemas de nariz de Xosiño

En certo lugar, deses que non aparecen en ningún mapa, vivía un rapaz que tiña un nariz máis ben longo que curto. Todos lle chamaban Pinocho pensando que, cun nariz así, por forza había de ser un gran mentireiro.

O neno estaba tan preocupado, que incluso chegou a pensar en facerse a cirurxía estética para librarse daquel órgano que tantos problemas lle ocasionaba.

Certo día, ía polo monte e atopouse co Lobo e Carapuchiña que debatían sobre cal era o camiño mais curto para ir á casa da avoa.

Pinocho, a quen aquela nena de loiros cabelos sempre lle fixera “tilín”, coñecendo as intencións do Lobo, intentou previla:

- Non te deixes enganar! O que quere é comerte.

- ¿Faslle caso a este mentirán? _dixo o Lobo_ Todo o mundo sabe que hai tempo que me fixen vexetariano...

Carapuchiña, que oíra falar da fama de mentireiro de Pinocho non fixo caso e botou a andar cara a casa da avoa, mentres o Lobo, relambéndose, tomaba un atallo para chegar antes.

Pinocho, máis apenado que nunca, seguiu o seu camiño ata que se atopou co pai de Carapuchiña que estaba cortando leña no monte, e lle contou o que planeaba o Lobo.

O pai, que tamén sabía da fama de mentirán de Pinocho, fixo oídos xordos e volveu ó seu traballo. Pero, aínda non se dera a volta, cando oíu a avoa que saía da casa berrando

- ¡Socorro! ¡Socorro! ¡Que me comen á netiña!

O pai botou a correr cara aló e chegou xusto cando o Lobo, coa boca aberta, ensinando uns dentes grandes e afiados como se fora nos dentes dun serrón, dicía:

- ¡Son para comerte melloooooor!

O resto da historia xa a coñecedes...

Pero o certo é que, a partir daquel día, todo o mundo empezou a crer no rapaz. E todos comezaron a chamarlle Xosiño, que era o nome que seus pais lle puxeran ó nacer, cando era o bebé co nariz máis longo do mundo.

(Conto colectivo - 1º Ciclo de Primaria)

Anxo, contacontos mundial



Érase unha vez un trasno que ía de casa en casa, de pobo en pobo contando contos. Un día encontrouse un contacontos coma el chamado Anxo e foron os dous xuntos contando contos moi divertidos e solidarios por miles de lugares.

Anxo e Pepe, o trasno, andaron moito polo mundo adiante e ás veces atopábanse con xente que maltrataba a outra; con nenos e nenas que eran escravizados por persoas maiores; con xente que morría de fame e tamén visitaron moitos países que estaban en guerra....

-¿Por qué na vida hai guerras se o mellor é vivir nun mundo en paz?, dixo o contacontos Anxo.

Un mal día, Anxo púxose moi malo e Pepe non sabía que facer nin onde ir, porque non coñecía a ningún médico, e o mais seguro era, que no lugar onde estaban, non houbera nalgún, polo que decidiu preguntar a unhas persoas, por xestos, xa que falaban nunha lingua que Pepe non entendía, nin eles entendían a Pepe, onde podería atopar remedio aos males de Anxo... Aquelas persoas comunicáronlle que nunha cabaña preto da montaña vivía un sabio curandeiro chamado Oaka. Pepe foi na súa procura o máis axiña que puido mentres o seu amigo Anxo quedaba coidado pola xente do lugar, deitado nunha estera, dentro dunha cabaña...

Despois de camiñar unhas dúas horas, Pepe deu co curandeiro Oaka a quen lle contou o seu problema. Oaka adiviñou o que Pepe lle quería

contar, xa moito antes de que llo contara ,e metendo no seu morral unhas herbas, puxéronse de novo ó camiño de volta.


Cando chegaron, Anxo deliraba coa febre e Oaka ó ver so seu estado fixo un preparado de herbas curativas que llas deu a mastigar a Anxo. Pasado un tempo, non moi longo, Anxo deixa de delirar e pregunta onde se atopa e quen é aquela xente que está á súa beira. Pepe dálle unha aperta e preséntalle a Oaka e ós demais...Todos se alegran de que Anxo curara

O mago Oaka díxolle a Anxo e a Pepe que na súa mente xa os coñecía desde facía tempo e que seguiran polos colexios e pobos do mundo contando contos que era unha das mellores medicinas que lle podían dar a moitos nenos e nenas.

Un día, Anxo, foi contratado polo concello de Toén para que contara contos solidarios e tolerantes aos nenos e nenas do colexio de Toén. Foi aquí onde coñecemos Ó Carballo con botas . Á Estrela Salgadiña, Ás Árbores Tolerantes, Ás Bagoas da Paz., A Vicentiño...

- Aitor Martinez Varela, 5º curso

Todas as xirafas teñen o pescozo longo



Todos sabemos o que é un figón, o que outros chaman un chismoso, ou un mirón e algúns incluso metome-en-todo

Nun monte, non moi lonxe de aquí, vivía unha xirafa que viñera de África coa

esperanza de traballar nun circo, porque lle dixeran que nese traballo nunca se pasaba fame, durmíase ó quente e, por enriba, o público aplaudía.

Pero as cousas non ocorreron así. Os veciños, ao verlle o pescozo tan longo, non querían saber nada dela porque pensaban que con aqueles ollos aló arriba, por forza había de ser unha fisgona e había saber todo canto facían.

- Con ese pescozo, seguro que se entera de todo e cóntao._dixo a burra, que era un dos animais que mais manía lle tiña, porque pensaba que lle ía roubar os pastos.

A pobre xirafa estaba triste e soa, espurrucando con desgana as polas das árbores e recordando a súa terra, aló en África, onde tan feliz fora de cativa.

Pero o tempo pasou, chegou o inverno, veu a neve e todo o monte se cubriu cun espeso manto branco.

Os animais apenas atopaban comida. A neve seguía caendo. E chegou un momento en que, por máis que escarvaban, non atopaban nada que levar a boca.

Entón, lembráronse daquela veciña que viñera de África e do seu longo pescozo e decidiron falar con ela. Incluso a burra, que tivera descendencia uns días antes, esquecéndose das antigas disputas, uniuse ó resto dos animais para pedirlle a xirafa que lles arrincase unhas poliñas para ir matando a fame.

A xirafa, que non era rancorosa, estirou contenta o seu longo pescozo e arrincou pólas e ata algún froito para todos os animais.

E así foi como os outros animais a aceptaron entre eles, como unha mais, e aprenderon a apreciar as virtudes do longo pescozo das xirafas.

(Conto colectivo dos alumn@s de 1º Ciclo)

QUEN ME PRESTA UN NOME?

-¡Ela, ven que imos xogar!

-¿Queres vir xogar con nós, Ela?

-¡Ela, deixa de molestar!

-Onte fun con Lucía, con Antía e con Ela ao cine...

-Vos non sabedes como se pasa de mal cando non tes nome..."Ela"... "Ela", pode ser un nome?...

"Ela" é unha calquera...Eu non quero ser unha calquera. Quero ter o meu nome , coma ti, coma ela...coma el...

¡Quero ter un nome! ¡Quero ter un nome!- Berraba polas mañás á saída do sol e polas tarde ao solpor...

A xente que a sentía berrar dicíalle que non se preocupara que lle ían buscar un nome bonito, pero só era unha farsa para que lle axudara nalgunha tarefa da casa...

Despois de pasar moito tempo e sen poder conseguir un nome, certo día, cansa de preguntarlle á xente e estando lendo un libro, ocrúeselle a idea de buscar nalgún libro algún nome bonito...

-Si, serei eu quen me poña un nome bonito, pois dinme de conta que á xente non lle interesaba que eu tivera un nome, unha identidade... así pensa que son máis manexable...

-Ollei varios libros, pero non atopei ningún que me gustara moito, polo que véuseme á cabeza unha idea: Eu quero ter un nome que comece por "P"...Si, chamareime...PAZ. ¡Que bonito, Paz, Paz, Paz...!.

¡Nena Paz!!!.

(Marta Araújo Lorenzo, 5º)

O neno que atopou a amizade

Érase unha vez un neno que non tiña amigos porque era negro e ninguén o quería. Cando ía ó colexio levaba o semblante triste e andaba sempre coa cabeza gacha e polas esquinas dos patios. Na clase estaba máis a gusto, xa que cada un tiña o seu pupitre, pero ó saír ó recreo.. pasábao mal pois os outros nenos non querían xogar con el...

Tódalas noites, na cama, preguntábase por que non querían ser seus amigos e xogar con el nos patios do colexio...El non o comprendía e choraba en silencio...Tanto choraba que coas súas bagoas mollaba a almofada...

Despois dun longo anaco matinando...quedábase durmido e alí, entre os soños, si que se sentía ben...Tiña unha morea de amigos e non tiña tempo de aburrirse...Alí atopou o seu grande amigo Fair, un neno saharahui que era o mago de máis sona naqueles fermosos lugares. El foi quen lle ensinou unha chea de trucos, que cando os realizaba, a xente quedaba coa boca aberta...

Alí, tamén coñeceu lugares que nunca podería imaxinar que existiran na realidade: paisaxes fermosísimas, dunas, lagoas, bosques con árbores tan altas que chegaban as nubes...xentes e animais de variados aspectos e formas...Pero o que máis lle chamou a atención foi o ben que se levaban entre eles: persoas, animais e plantas convivían en harmonía e paz....

Nos soños atopaba a felicidade, pero ó espertar, unha nube negra cubría o seu rostro e parece que se facía invisible ante os demais...Dito doutro xeito: ¡Ignorábano!

Un día, cando menos o esperaba, a profe de educación física, díxolles que ese ano o colexio ía participar nas actividades do deporte esco-

lar e que tiñan que ir anotándose ó que querían xogar...El, nun principio, non pensaba participar en nada, pero logo pensouno mellor e decidiu anotarse a bádminton. O bádminton sempre lle gustara e xogaba bastante ben polo que a profe escolleuno para as probas individuais e logo para as probas de dobres...

Grazas a esta actividade coñeceu á que sería a súa amiga máis íntima, Andrea, unha nena doce e boa persoa...¡Agora esta encantado! Sabe que a tolerancia e a amizade non se dan por arte de maxia, como lle acontecía nos soños...Pero todos/as temos que por algo da nosa parte....Unha persoa sen amigos, é coma unha árbore sen follas.

(Gabriel Fernández Canossa, 5º)





Como podestes ler, tiña xa un bo feixiño de contos, que os nen@s me contaban cun puchiño de Nepal enriba das súas cabezas. Pero aínda precisaba un nome. Mentres agardaba por el andaba eu lendo libros da biblioteca da escola. Eran libros preciosos. Algúns deles facíanme via-xar por lugares lonxanos e diferentes. Ensinábanme as escolas doutros países, os desertos e montañas.

Púxenme tamén a ler o xornal, descubrindo cantas malas e tristes novas, cantas insultos, cantas guerras, canto racismo... aparecían nas súas páxinas.

Eu quería escribir o meu nome nun papel que non danase as árbo-res, así que as nenas e os nenos pensaron e pensaron... e colleron todas aquelas malas novas de guerras e mentiras, batéronas con auga, penei-ráronas cunha peneiriña, tenderon aquela pasta envolta nun pano e , o cabo duns días apareceu unha fermosa folla de papel reciclado onde escribiron frases para que nacera o meu nome escrito naquel papel.

Estes son algúns daqueles lemas a favor da TOLERANCIA

**GÚSTAME
SER
SOLIDARI@**

**RESPIRA
TOLERANCIA**

**NINGUNHA
TOLERANCIA
ANTE A
INTOLERANCIA**

**STOP
AO**

**EU SON
TOLERANTE.
E TI?**

**NA ESCOLA
TAMÉN
APRENDO A
CONVIVIR**

**SON TOLERANTE
DE PÉS A
CABEZA**

**100%
SOLIDARI@**

**VIVE CON
TOLERANCIA**

**HOXE POR TI E
MAÑÁ POR
MIN**

RESPECTUOS@.... ¡SEMPRE!



Xa tiña contos, tiña fermosas palabras, xa recicláramos as malas novas.... ¡Solo me faltaba o nome! ¡Aínda non tiña un nome!

Como estaba un pouco apenada, os nenos e as nenas contáronme a historia das *bonecas quitapenas* de Bolivia, que os nen@s bolivianos agochan debaixo da almofada para que lles leven as penas.

Eu xa non tiña pena, así que para seguir buscando aquel meu nome, invitei aos nenos e aos mestres a que se vestisen coas miñas roupas, e puxemos cinema do meu continente, de Asia, e bailamos, e descansamos nunha hamaca dos indios amazónicos e contamos contos diferentes, pero... ¡faltaba algo!. Faltaba o meu nome.... Así que pensei que, a través da poesía poderíamos atopalo.

Pedinlles de novo as nenas e os nenos poemas do seu río e entregáronme este, que , según eles, acharon flotando no río:

“Coma xílgaros nas pólas
De mañás adormecidas
Os nenos van a escola
Cos ollos de manteiga
Devecidos polo río.

Como bandas de estorniños
As barcas adoecen, asubían

Con sons, latexos e cantigas
Nas vías extinguidas
Salpicadas polo río

Como fan os mouchos na noite,
Os mestres escriben, pensan, soñan
Lúas de azul e branco,
Poemas de amor e vida”
Peneirados polo río.”

É fermoso ¿verdade?. Pero eu ¡aínda estaba sen nome!

Íase facer unha festa no colexio. Para que o meu nome tivese tamén sabor, propúxenlles que na festa houbera comida diferente, distinta, doutros lugares do mundo. Así que prepararon este fermoso menú, cociñado todo con produtos do Comercio Xusto da Cova da Terra, traballado con dignidade, sen explotar as nenas e os nenos, nin as nais e os pais, labregos e labregas de Asia, de Latinoamérica, de África...Este era o sabor do meu nome...



MENU INTERCULTURAL TOEN TOLERANTE

Para ir comezando:

- ❖ EMPANADA DE CARNE - GALICIA
- ❖ ENSALADA CON PASTA DE QUINOA- BOLIVIA

Para ir continuando:

- ❖ ARROZ CON SALMÓN- GALICIA

Para ir rematando:

- ❖ GALLETAS CON MEL DE ECUADOR
- ❖ CHOCOLATE DE PERÚ
- ❖ TURRÓN DE ARROZ DA REPÚBLICA DOMINICANA

Beberemos:

- ❖ QUARANITO DE BRASIL
- ❖ CAFÉ DE CHIAPAS (MÉXICO) E NICARAGUA
- ❖ TÉ DE SRI-LANKA

Música dos Meninhos da rúa de Brasil

Achegábase o fin de festa . Tod@s andaban contentos e ... ¡Eu aínda sen nome! Tiña contos, frases, poesía, música, sabores.... pero ¡NON TIÑA NOME!

Toda preocupada, víame de novo partindo de lugar en lugar ata atopalo en novas e difíciles viaxes... Pero cando andaba eu mergullada nos meus pensamentos... alguén tiraba e tiraba polo meu longo vestido de cores. Mirei para abaixo e ... era unha persoiña diminuta, unha cativa que, co dedeiro diante dos beizos, pedíame silencio shhhhhhhhhhh!, para dicirme “Nos contos dos meus amigos, nas frases dos meus compañeiros, coa poesía do noso río, co sabor dos produtos do Comercio Xusto... descubrín que o teu nome é TOLERANCIA, RESPECTO, SOLIDARIEDADE, XUSTIZA, LIBERDADE ... e todos, todos eses nomes xunteinos.... así que, dende agora, os nomes dos nenos e os mestres de Toén, son o teu.



Chámaste:

Alba María Miguel Nicole David Raida Ximena Martín
Brayan Diego Joel Fermín Anxo Yago Adrián Cristian Estela
Jonathan Águeda Lucía Ionut Brais Marta Carolina Noel Andrea
Enrique Jessica Gabriel Andrés Cipriano Ionela Madalina Jennifer
Alex Mikel Aitor Borja Andrés Estefanía Félix Lucas Sali Susana
Lola Carmen Pepe Manolo.



Este proxecto, realizado polos alumn@s e mestres do Colexio de Toén, non houbera sido posible sen a inesquecible colaboración de Anxo Moure_ contacontos e soñador_ membro da ONG “Bicis pola Paz”, que soubo sacar o mellor de todos nós, e a inestimable cooperación do Excmo. Concello de Toén.

Grazas.

A decorative border of colorful hands (white, blue, and red) surrounds the central text area.

1ª Semana da Interculturalidade

Do 28 de Novembro ao
9 de Decembro de
2005

Coa
colaboración
do CONCELLO
DE TOÉN